

4 A G O S T O D O 2 0 0 5 - N Ú M E R O 5 7 7

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



CHUS PATO
no meio do século

Chus Pato contesta as preguntas por teléfono e, ao mesmo tempo, pecha a longa entrevista –“¡Son dez folios!”– que Carlos Lema lle fixo por correo electrónico para a revista Grial. Xa non lle queda moito tempo: mañá mesmo marcha a Rodalquilar de vacacións, uns días de descanso antes de emprender unha xira pola Arxentina onde, precisamente, este mes de agosto, cumprirá cincuenta anos. A poeta que con maior audacia sacudiu a lírica galega das últimas décadas entra na idade da madurez e, segundo as súas palabras, sente “cansazo, plenitude e unha certa sensación de *déjà vû* que me fai moi feliz”. Atrás deixa uns anos nos que deu “forma definitiva” aos seus textos, cando “o eu romántico e posvanguardista estalou desde unha turbulencia moi acusada”. A forma na que explica este proceso resulta impactante: “o eu emigrou cara ao resto dos pronomes persoais e tamén se adentrou, rompendo fronteiras, nos outros xéneros literarios. Desde ese lugar, turbulento e estourado, continúo escribindo con ningunha outra garantía”. Nesa revolución, o libro *m-Talá* (2000) –“escribino con tensión, con violencia. Con

Chus Pato

no medio do século

insomnio”– cobrou unha importancia central, até converterse nun título que abriu camiños inexplorados e escolas aínda hoxe en plena fervenza. Logo, veu *Charenton*, un poemario aínda en respiración axitada que Chus Pato divide en dúas tendencias: “Unha delas é como unha especie de final a *m-Talá*; a outra trata de afastarse o máis rápido posible de *m-Talá*: Neste segundo *Charenton*, que son os poemas do comezo, empeza a rexistrarse a sensación de *déjà vû* que mentei antes e que me fai tan feliz. Tamén podería falar dun interese cada vez maior por escribir desde o non alfabético: é dicir: construír textos coa menor mediación literaria posible e non porque me queira aproximar a iso que certas poéticas chaman vida e que desde o meu punto de vista é un aborrecemento: o que procuro é un salto mortal sen rede, precisamente para ser máis literaria”. Agora, Chus Pato presenta neste monográfico de Revista das Letras dez textos de *Termidor*, unha sección do libro que actualmente escribe e no que se interna e amplía a súa aposta polo “salto mortal sen rede”.



O retrato de Chus Pato nesta páxina foi realizado por María Esteirán. A fotografía da portada recolle un momento da performance de Chus Pato e Antón Lopo en Portocarreiro, na Ulloa



Para empezar, (Hrg) na parada do autobús cunha bolsa de paramécios

a razón indica que nada extraordinario hai nesta instantánea, a protagonista fai o que tantas outras veces, só que desta vez ten que salvar unha distancia de 2000 quilómetros, o que tampouco é infrecuente

(as baldosas verdes do aeroporto do país en que sempre chove)

e desdóbrase en heroe, en multitude, en protagonista, calquera episodio que nos agrupe

arterias fluviais do seu continente e con elas (coas arterias) e na zorra dunha das súas antepasadas cruzou o Rhin, xeado e continuou de pé por vereas do imperio cara ao país das grandes masas arbóreas // seguindo sempre a dirección cárdena do solpor, desde a Selva Negra polo paso entre o Xura e os Vosgos, a ampla planicie do Saona, os fértiles cultivos da Champagne e o Poitou (Xurásico), a rexión das landas ou conca de Aquitania (Terciario), os aterecidos pasos dos Pirineos, a cretácea nación dos éuscaros, a cordilleira Cántabra e o Navia

- cando escribes a reunión do pobo suevo co heroe ou heroína...?
- decido que a heroína teña un encontro con algunha figura histórica, decido isto para ampliar o tempo da narración, para confundilo, para facelo real; neste caso concreto a dificultade recae na elección do personaxe que finalmente é unha marcha colectiva, interesábame a descrición dese itinerario; non hai visión, nin voz, de habela detallar o xeo e as augas fluíndo na cerna da terra, a brancura do horizonte, o azul do ceo, as peles, as armas, os cabalos, o frío e a esa estraña aventureira que é acollida como da familia, o contraste entre as voces xermánicas e a fala da protagonista; sucesivamente así; existe unha decisión, o resto é forza, pulo, percepción e conmoción, ventre e lóxica da linguaxe

a heroína pensa nunha casa circular con teito de colmo e un só espazo para cociñar, traballar e amar e cae rendida polo sono e o seu corpo é leve no planeta



Como mellor dorme é coa fiestra aberta, arrolada polo vento e a mestura torrencial de todas as augas, ou non altos cumes, ou na ribeira das grandes

- todas as meniñas xogan a reparar catástrofes ecolóxicas?
- algunhas
(lector / autora)
- todos teñen xoguetes batiscafos?
- todos non, algúns



razón indica que nada extraordinario hai nesta instantánea, a protagonista fai o que



Unha disposición de acougo que se organiza cunha retardación dos procesos mentais e cunha relaxación corporal desde as que flúen imaxes relativas a unha harmonía co planeta, así bosques (e sempre, sempre, carballeiras das que obtén un inclasificábel pracer pola lentura da terra, a claridade gris dos ceos ou dos escasísimos raios solares), e tamén relativas aos océanos e sempre, sempre, o Atlántico, moitas da liña costeira: areais, dunas, aves mariñas pero tamén a medio camiño entre a superficie das augas e a profundidade das fosas abisais, imaxes de submersión que a levan invariabelmente ao seu dobre placentario que nos meses da súa propia xestación lle permitiu desenvolver os órganos precisos para o que ela identifica como "orixe": a paixón de camiñar e a linguaxe. Por veces nestas navegacións visualiza as súas fillas e a través deste chorro acuático entra en laminación con todas as forzas nutritivas da especie, por iso a enunciación repite sempre, sempre, un ritmo // sanguíneo

tempo, o de calquera, o de ninguén // un alto consumo de palabras



Sucede xusto neste paso de peóns cando, logo de decidir camiñar desde a parada de autobús ata o hotel, decátase de que debe facelo cargando coa equipaxe; e ao ducharse a auga agasállaa cuns rizos preciosos e ao terminar de arranxarse para unha primeira cita diríase que non só se aquelou senón que está moito máis fermosa ca na súa xuventude e pronto camiña polas beirarrúas coma se nunca, nunca se ausentase e dáse de conta do moito que lle gustaría que con ela estivese Antón Lopo agora que ela é a protagonista de novela máis feliz da terra e non pensa marearse en absoluto

- e despois?
- Marta e Publio chegaron pero Marcelo tivo que ir defender a fronteira austro-húngara



As lousas de mármore laranxa do campo de aviación no país en que apenas chove



Para alguén tan dificilmente suxeitábel a ilusión da pertenza corporal, aínda por breves instantes, resultaba gratificante

houbéralle gustado dedicar gran parte da vida ao cultivo do pracer, de aí a idea de fundar, seguindo o modelo dos monxes de Mênilmontant, dos falansterios fourieristas ou da cidade Nova Harmonia, bordeis ou haréns utópico-revolucionarios onde unha comunidade de mulleres e varóns alcanzasen por vontade propia o ideal dunha fratría dos corpos

en xeral as escenas eróticas que imaxinaban tiñan matriz nestas weltanshaung, así os amoríos cun aristócrata inglés (era presentada nunha gaiola circense e dourada con lazo de agasallo) ou cun cabaleiro do XV no Bravante (ergástulo, esplendor fisiolóxico, roupa esgazada, tebra)

atopaba banais e superfluos os xuízos dalgunha xente sobre Sade, na súa opinión a obra literaria do marqués (un dos seus autores de cabeceira) só podía ser comprendida como un inventario máis e o intento por parte do escritor de facer soportábel a escura noite do mundo

a súa era unha intelixencia feroz, de acumulación lenta (por distracción, falta de atención e preguiza) e ávida ante a linguaxe. Era quen de anticipar o combate amoroso pola resposta ante un texto, detectaba á perfección con que autor / a sería posíbel e de ser así a quen lle gañaría, por quen sería vencida e ante quen se rendería; diante dun corpo ou diante dunha escritura ficcional a súa reacción era idéntica, de tal maneira que podería dicirse que non distinguía entre o corpo e a escritura

Cecilia, voz: cúpula-Imperio

(toda unha vida nas barricadas)



En xeral na mocidade viaxara e poderíamos afirmar que viviu nas galerías de arte pola causa única de que estes edificios favorecían o seu ánimo, e só alí lle acaían ben os alimentos, en espacial a fundación Gulbenkian, a Tate ou a pequena pinacoteca Vasarely; a día de hoxe as rotacións non só non cesaran senón que aumentaran en velocidade e amplitude considerabelmente pero xa non dispoñía de posibilidade ningunha para os museos, excepcionalmente algún accidente podía retela nalgunha cidade, así as lúnulas da idade de ferro irlandesa ou as momias de turba na nevada cidade de Dublín

acolleu a mobilidade como un dos rostros da liberdade e iso fixera dela unha protagonista ditosa, malia que é certo que a liberdade é poliédrica e innumerábel nas súas faces e fendas; a debilidade que de cando en cando a asaltaba, a desmemoria das condutas de puxilato, evidenciaba unha necesidade cada vez maior de retorno ou opción a un espazo de cobertura

o espazo da tormenta cando en Missolonghi se restabelecía dunha fractura de vértebra; a lentitude dos seus pasos ata o balcón e as palmeiras e as araucarias e o cardio de lord Bayron, morto pola independencia de Grecia contra os turcos, e o sarcófago

- o que escribes, é verdade?
(e a autora respondeulle ao lector que é un infinito ou dous)
- é unha crónica
- e se fose un poema?
- falaría entón dunha potencia temporal ou aceleración do tempo



Pero nada poderá ser capturado, nin a ramificación de arterias abertas, nin o volcán de lava incandescente, tampouco non o glaciario perpetuo

nin ningunha nova forma de vida primaria ou colonización de carriza ou lique...

o seu non era un temperamento xenuinamente revolucionario, máis ben rebelde e leal, absorto nunha cicatriz que dificilmente curaba // esa pechadura en falso como atmosfera // infancia solitaria e mesturada cos non tan favorecidos, dos que só a separaba a finísima película que sobre ela proxectou seu pai, en especial cos seus compañeir*s de aulas que andando o tempo engrosarían as filas da canalla e da emigración ás illas Británicas e a Europa central

a ausencia de protección fascista por parte da súa familia, as estadías na aldea, un certo tipo de intelixencia orientada cara á distinción entre o falso e o verdadeiro condicionaron a posterior decisión de Hrg, e así foille sempre imposible desertar da idea de que a propiedade privada dos medios de produción era non só corrupta e amoral senón abominábel, así como a crenza na radical equivalencia de todos os seres humanos

de aí as súas actividades revolucionarias das que non se diría que as elixía, senón que lle era imposible desvialas do seu camiño

de aí, da súa infancia, certas amizades que aínda conservaba e a clandestina pero reiterada presenza en subterráneos de escasa fama como O faroliño vermello ou Tabanaco, ou dos máis dubidosos e recónditos escusados do Suevia ou do Paraíso

ou a atracción nunca fatal polos agora

compañeiros destorgados, encarcerados ou defuntos

así na cidade, pétrea e natal da autora

na que Ofelia foi brutalmente atropelada cando trataba de recoñecer ao seu irmao entre os cadáveres vítimas do máis recente bombardeo



Vólvoa ver na parada e confúndese porque quere apagar o cigarro no sitio adecuado, a rentes da marquesiña, e faino directamente na beirarrúa, non dá; finalmente monta no autobús e vai contemplando a cidade pero non o barrio onde viviu, un contorno industrial xa entón abandonado, e pregúntase se as magníficas chemineas de tixolo seguirán en pé

"non podo lembrar cando cheguei, cando realmente cheguei, nin se estiveren antes deste 'cando cheguei'"; podo ver outra partida cunha mochila chea de latas de conserva e como namorei dun descoñecido, a vivenda no contorno industrial que compartiremos, un intermedio na estación de Milán e a explosión do desexo; antes a cita nun café como só as ditaduras mediterráneas poden conservar, eu chegara desde o norte, el desde Florencia, Milán, Venecia..., non, moito mellor: Nápoles"

(Hrg, monólogo)

que parecía que o franquismo ía poder con todo".

Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum. Fotocomposición: Chico Mirás. Fotografías: María Esteirán e Antón Lopo



11 AGOSTO DO 2005 - NÚMERO 578

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



ANA PILLADO


A estirpe das sereas


Ana Pillado (A Coruña, 1971) pertence á estirpe das sereas (serea peixe, serea ave, sereamente serea) en combate coa estirpe de Ixión, ancestro dos centauros, nunha simboloxía -contra os modelos impostos e após da muller libre- dende a que concertara con Luisa Villalta un xogo en feed-back entre poesía e ilustración. Da posición abrollan os seus poemas visuais en rúptura cos tópicos da feminidade, a anorexia física e mental, os modelos de muller ou as medidas que publicou en prensa_ cinco anos de colaboracións en 'A Nosa Terra'_ ou o mundo da edición. Debuxos-poemas que se moven no entrelazo de pintura e literatura, a plástica e a escrita, coa que ilustra obras propias e a dos demais, consciente como é de que "unha ilustradora é un lector privilexiado que leva á escena o escrito". Inmersa no mundo da ilustración, investiga sobre os mitos -como o que fixo sobre os murais que deseñou para Maeloc- en técnica de collage ou con revistas de muller



Ana Pillado a muller serea

doutras épocas_ en desbordante ilusión. A mesma coa que medra na cerámica ou volve á muller-sol, Luisa Villalta, a Manuel María, Luis Seoane, Díaz Pardo, Maruja Mallo, Bacon ou Klee en referencias eclécticas e ollos de artista serea que reivindica a maxia da infancia, a liberación do home ou insta a "mudar as cousas na consciencia pero tamén na inconsciencia da que falara Jung". Pegadas que levan o pouso do seu pai, o dramaturgo e editor Francisco Pillado e do seu avó que lle engarzou pintura e conto nun anel que instalou no seu universo de mirada irónica onde a representación do corpo se move ao ritmo da fin dos xéneros. Contra os centauro -os homes que maltratan, violan e degradan a muller- crea novos poemas visuais que hoxe verte neste monográfico da 'Revista das Letras' mentres en talleres se última a súa 'Fábula mater' : doce debuxos: versos que nacen cando a impotencia fronte a violencia á muller é insoportábel









Apil





alén



rdL | 7
Galicia Hoxe 11/08/05

OBJECTIF



LUNE

EGO ME VOLVO SEREA

Ana Pillado Vega

Son da estirpe das sereas
rexistro das esencias vagabundas
dos tránsitos antigos
das estradas molladas de chuvia e chapapote
das singraduras estivais
do clamor cósmico das voces caladas.
Sempre preñada de mar
varada na terra
cousa peixe de escamas amarelas
alma espuma verde maniauga.
En tanto espero
embriagada de mar
ondas de sangue
serea ave
serea peixe
sereamente serea
digo e bendigo o meu ventre
embigo do vento cíclico.
Navegante do ceo
ensimesmada na nada
serea peixe
serea ave
sereamente serea
digo e maldigo a estirpe de Ixión
vellos centauros de nai nube
materia feminina
vapor violada.

18 AGOSTO DO 2005 - NÚMERO 579

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



ÓLIVER ÁLVAREZ
Caído do agocho

É a súa primeira entrega en galego, con todo o que arrastra de experimental e iniciático: prosa e verso dende a súa lingua emocional na que soña e viaxa dende Ponferrada, dende a Galicia irredenta aínda que nada ou pouco saiba do sistema literario galego. Tiña gañas: "Un gusano non se chama mariposa ata que non é bolboreta", espeta este alumno da facultade de Filoloxía Hispánica no campus compostelán quen radiografa as linguas como algo interrelacionado, que non ve desafortunado que en Cataluña se estude e fale o galego e menos que nas terras arraianas do Bierzo o castelán perda a súa hexemonía e viva, canto menos, paritario coa lingua galega. Oliver Álvarez Riera (Ponferrada, 1984) podería pertencer á imaxinaria tribo do fast-food: todo rápido, mesmo a súa relación coas letras nas que penetra á brava, lendo o que lle cae nas mans e ideando pímulas en forma de verso ou relatos onde volve o

Oliver era un lince

amor, o desamor, a tenrura, a soidade... o que máis sente. Non necesita de grandes fazañas para escribir nin de sereas nin mitos: só do ruído dos xeonllos ou a gripe dun neno que recrea na escrita na que aterrou hai anos: da man de Sabina ou Javier Krae e con eles os poetas que parafrasaban: César Vallejo, Ángel González, Benedetti. Tamén Oscar Wilde, Gamoneda ou Juan Carlos Mestre. Con eles Oliver ambiciona a intensidade da palabra, das frases ou os versos. Escribe Benedetti: "Cando se embafa/ o vidro arma a paisaxe/ que a min me gusta". Eis a paisaxe esencial do poeta ás veces triste –cando a tristeza non é atasco de tristezas individuais senón raíz de epidemia de tristezas que agoran o abrazan e hipotecan a alegría– e ás veces silencio. De Ponferrada volverá de novo a Compostela onde como cada ano lles pedirá ós seus colegas que lle falen galego. ¿Entendes?



rcl | 3
Galicia Hoxe 18/08/05

O Retrato de Óliver
Álvarez Riera foi
realizado por Jorge Mirás



Entrar en casa

Todos os días despertanme puntual á mesma hora. Cando descubro, entre insonmios, a linguaxe desquiciada da cafeteira que proclama o café fágome á idea de que, en menos de media hora, abandonarei a casa. Despois de que o meu amo ou o meu dono (ambas as dúas palabras fanme o mesmo dano) termina a súa liturxia matinal do almorzo e, entre bicos, bos días e adeuses despídese da súa noiva, esa moza xovenciña de cintura desorbitada e beizos recomendábeis, dun manotazo violento os dous nos precipitamos ó recheo das escaleiras. Despois de protexerme sen moito coidado e "agocharme", saímos por fin á rúa. Eu da rúa apenas sei nada. Coñezo, se por ver entedemos o de coñecer, unha parceliña de ceo que se colga azul (ou gris, se ameaza a chuvia) no meu agocho. O que si coñezo (ou debera dicir recoñezo) sen nin sequera ter visto xamais, é a esa señora maior, de acento gaúcho, que rexenta humilde e contenta o quiosco da rúa que nos colle de paso. Xusto despois de saír de casa, Manín, o meu dono, entretense intercambiando unhas palabras con ela mentres lle merca o xornal deportivo e unha revista electrónica de tirada semanal. Seino, porque cando ao anoitecer volvemos á casa coloca os dous tartafolios na mesa onde compartimos situación ata que recorda cal é o meu sitio e me obriga a volver a el.

Paso todo o día fóra de casa, con el. Aínda así, non sei nada do mundo. E supoño, entón, que tampouco da vida. As miñas posibilidades de coñecer mundo pasan por caer do meu agocho, precipitarme o chan e soñar con que alguén resolva recollerme para levarme a algún lugar menos rutineiro: din que cando te encontran perdido, como un descoido da orde ou un atino do azar, trátante mellor que os que te tiñan na súa rutina. A iso aspiro eu.

Logo, cando a lúa se colga sospeitosa no meu agocho, regresamos á casa. Desfacemos o camiño aprendido cada mañá, chegamos ao limiar da porta, entro como unha bágoa polo ollo da pechadura e.... ¡voilá! xa estamos dentro.

Parecerá unha parvada, pero o día no que eu decida non volver á casa, el tampouco poderá entrar.

Era un lince

Era un lince. Con aqueles ollos, caraña de anxo, miraba todo o que podía ver. Encadeado en madeira ben pulida, de castaño vello e virxe, escollida ad hoc por pais temos e solventes, asediado de algodóns e pexego volto cobilla, pequeno novato do mundo, descansado sobre pluma de ganso para mellor deixar crecer durmindo os ósos, marsupio artificial da era do confort, miraba o val de bágoas que eran as cousas do mundo. Non podía dicilas, non tiña nomes aínda pola boca, só berro e sal polas meixelas. A fame era chorar. O pis era chorar. Chorar era medo. Choro as ganas doutra paisaxe. Pero era un lince, un zorro o neno na súa galiola de madeira ben pulida. Os seus ollos atentos ás sombras. Miraba fóra, doutro lado da baranda que o salvaba do golpe contra o chan. Andaba a bastón de berce. Os seus cinco dedos, deladiña hedra de carne, encaramábanse aos barrotes do berce e aprendía a pisar forte e recorría a súa cadea de algodón e mimo. Peixe na súa peixeira.

Papá e mamá puxéronse nerviosos temendo as miñas quenturas como algo definitivo, corolario do agoiro aciago que foi a creba e o traslado ao arrabal, lonxe de later tranquilo e solvente do corazón da cidade. Tanto me velaron a pé de berce, indefensos e abrazados, tanta noite o un ao outro prendido me miraban maldicindo os seus rancores, tachando os golpes e as palabras dadas entre si, tanta caricia obsequiáronse que dirimiron os seus erros a forza de necesidade mutua.

Logo duns meses volví a miña saúde. Xa papá e mamá nunca me pegaran. Bicábanse todo o tempo se estaban xuntos. Discutían, claro, é útil discutir por exemplo a cor desa cortina, o sabor daquela carne, as palabras daquel político, o silencio que trae a morte. Discutían. Pero eu xa non tiña medo dos golpes de antes, agora sempre as palabras da bronca acaban nas mans, pero doutro xeito, xa me entenden.

Así que volví a ser san porque terminaron os seus problemas.

Era un lince o neno, un lince. Soubo facerse o morto para darlles vida ós seus pais. Era un lince, caraña de anxo, aqueles ollos negros e redondos sabían do poder da tenrura.

Testemuña da humanidade

A unha delghadiña,
palabras dende o fallado
das miñas ganas de bicarte.

Bo soño o desta noite; e boa lúa.
Eu xogarei a dar contigo nun destes soños (e
bicarte,
Acaso),
E se non te atopo?
sempre me quedarán os teus beizos
(testemuña de humidade)
fóra de soños baleiros de carne.

I

Aos teus ollos/dos meus ollos

Aos teus ollos voume de procesión, delghadiña,
A bailarlle a auga
Ao teu corpo de escándalo e tormenta.

Aos teus ollos vou, dos teus ollos veño,
vindo nomás,
mirándote nada menos;
Dos teus ollos a min, do eu meu ao ti
Que axexa tras as pálpebras.

Dos teus ollos sei que te quero.
Dos meus ollos
non dubides que te están mirando.

I

Último mono

Despois de min, non existe
Ninguén.
Eu, e ninguén máis.
The end:
Aceno final.
¿A Fin? ¡O meu fin!
Óliver e
Punto; detrás do meu eco
Só silencio.

Despois de min, non existe
Ninguén...
Todos... todos están diante

Diario dunha praia en verán

A Dida,
diario de abordo
bordado a verso
Polo verbo que nos vive.

Diario dunha praia no verán:

O mar ao fondo, coma un
Cadro mollado con barcos.
Mirando ao ceo desde un recuncho do ano
Dous amigos.

Fume. Dous cigarros encenden o aire
Da noite. Doe no silencio, cando calan,
O latexo de corazóns.
Falan do futuro, o porvir que nunca chega.

Din do mundo o que soñan, só iso.
Non saben máis que o que
Ignoran a medias; están orgullosos de inventar
De vez en cando
Algún verso mentres se din
O que pensan.

Algúns din que son poetas...
Outros sospeitan que son irmáns...
Eles recollen as súas ideas, atan o último verso
Ao silencio que abandonan,

apagan os cigarros
E regresan.

Espazos de tempo/tempo despazo

A Alba,
"futurando" xuntos sen movernos do agora.

Entre ti e eu non quero espazos de tempo;
Quero
que
pase
o
tempo
despazo
entre
nós
cando
esteamos
xuntos,
circunloquios temporais
como instantes que retardan o último suceso,
perífrase de area;
e ser así apenas golpeados,
rozados suavemente sen feridas
de agulla,
eliminados entón do futuro:
Contigo ser, eternamente,
Paisaxe suspendida no agora, para sempre.



Domingo por antonomasia

Roxe a chuvia a súa ladaíña en Santiago.
Eu preparo café para dous,
A miña soidade bebe de min, comigo.

Illós na rúa, pantanos
Que improvisa o azar sobre o asfalto.

Cicatrices de auga van ferindo o cristal
Que agoniza un telegrama:

"A chuvia soletrea a miña mensaxe
Porén, ela tamén me mata"

Un cigarro inventa vértebras de fume
E articula o ar por momentos.

Cheira a cinsa o silencio.

Sorbo o café,
E atragóaseme a soidade.

Monotonía dun domingo por antonomasia.

Confesión certa pero sen importancia a unha muller na cama

Os desencontros que levaron a encontrarnos
Son parte do conto que empeza e termina
en nós.

O pasado ao pasado sen facer esquecemento
desa memoria,
O ocorrido foi azar que trouxo a nosa historia.

Todas as bocas que bicamos cada un polo
seu lado

Foron metas alcanzadas antes de alcanzarnos,
Nós non seremos outra cousa que outro final
logrado
ao que botar de menos pasados os anos.

Os desencontros que levaron a encontrarnos
Son parte do conto que empeza e termina
en nós,

Antes de ti houbo máis, antes de min houbo
outros.

Pero agora, en presente, esquece as palabras e
volvamos ás mans.

Soñexistir

Cambiar o mundo con teatro. Ser.
Vivir por amor á arte de morrer
Interpretando; durmir, acaso ver
Como un pallaso o mundo: soñexistir

Novembro e a súa función de outono. Sentir
bágoas de acuarela negra nos ollos
Manchados con xente da rúa; seguir
Sendo libre sen saír dos restroballos.

Do circo da vida forma parte
Sen medo ao último disparo: a arte
É un arma cargada de futuro

Ser o monicreque do último escenario
Colgando o corazón cabeza abaixo:
Morrer sen que a túa morte custe un duro

Darlle a vida ao mundo,
Iso,
así debera ser todo o teatro.

Os teus contos

Cadáver exquisito es ti, de Baudelaire,
Cheo de vida,
Inventoute un maldito (bendita muller),
xogando a facer poesía.
O teu nome, Olaia, sabe ao padal ao pronuncialo
A ola
e
a espuma de mar sen horizonte;
escriboche porque a túa inicial
é Lúa particular das miñas noites.

Quero os teus contos porque che quero dicir
que son silencio se calas:
ler é un xeito de escoitarte
cando non falas.
Non escoitei mellor literatura
Que a linguaxe das túas cadeiras cando andas.

Recén te coñezo, descoñecida,
E apenas en dúas noites
A casualidade xa te fai poesía

Santiago chove con ganas de mollarme as feridas.

Non pretende esto bico; caricia non reclama
Só requiro os teus contos
Para non ser silencio cando calas.

Fast love

Desde o Mc´ Donalds,
ata o coitus interruptus faise imposible
Todo é vertixinosamente precoz.
Xa non hai quen bique en condicións:
Maldito fast love



LÚAS ESTRAGADAS COMO BÁGOAS DE MEDO

Óliver Álvarez Riera

Dóenme nos ollos
As lúas estragadas no faiado
Da túa ausencia.

Morto morre, baleiro, o corazón,
Lonxe da humidade
De Santiago nas túas pernas.

Eu son coma un neno
Escangallado en bágoas
Se non te teño;
Mais é o teu bico
Punzón de beizos
No meu acerico.

Lémbrome de ti
e esquezo o día a día...
só é tempo o que sucede
baixo da túa caricia.

Ondas ao mar,
eu son ese mariñeiro afogado en raís
que encalla en bágoas
cando ti me bicas o último bico
e me pican o billete de volta ó fogar.

Bágoas de medo...
medo de que sexa ese último bico
o derradeiro que me vas bicar.

(a Alba/Cedo amence,/dende entón/ na miña cor)

25 AGOSTO DO 2005 - NÚMERO 580

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



ROSA VEIGA
Desigualdade á carta



Foto de Rosa Veiga: Santi M. Amil. A foto da portada é no campamento de Samara, do grupo de refuxiados saharauís

Rosa Veiga

Un grao de area

Rosa Veiga (Ourense, 1965) é a cronista gráfica de Ourense, unha muller que, a través do seu traballo na axencia Efe, se encarga de poñerlle rostro diario a unha terra encunhada nunha realidade contraditoria e, con frecuencia, pouco comprendida. Esa perspectiva domina a reportaxe que hoxe incluímos nos monográficos de verán de 'Revista das Letras': o seu particular percorrido por algunhas das áreas máis desfavorecidas e combativas do planeta. México, Chiapas, Bolivia, Brasil ou o Sáhara son os espazos que Rosa Viega visitou nos últimos anos, nalgúns casos pola curiosidade da viaxeira pero, sobre todo, polo compromiso de retratar outras formas de vida e de reivindicación. Neses percorridos, chegou a descubrir casos de abuso continuo, como o que viu en Bolivia, onde un falso doutor lle cobraba á xente por detectarlle as enfermidades que padecía co radio dunha bicicleta. Para ela, as súas fotos responden a un único principio: dar a coñecer a realidade dos desfavorecidos. Son os seus "pequenos graos de area".

Desigualdade á carta

Lembrar que o planeta Terra é compartido por máis de 7 millóns de persoas é simplificar até o absurdo a ocupación, explotación e esnaquizamento ó que sometemos cada día o noso espazo común. Ese dato está acompañado, nos atlas que todos temos na nosa casa, do repartimento de recursos naturais, da situación das cordilleiras mergulladas nos mares e das que podemos ver en superficie, e tamén dos desertos e grandes zonas cultivables, nun mundo físicamente desigual.

Algúns centos de millóns de persoas coñecemos tamén a desigualdade que acompaña cada avance tecnolóxico conseguido pola mente humana e somos conscientes, porque o sufrimos, do gasto e esforzo persoal e colectivo que temos que facer para "estar ó día" no acceso ós novos recursos, como internet, maquinaria de última xeración, investigacións sobre cuestións que afectan a nosa vida cotiá. Esta tecnoloxía, que non cesa no seu avance, acentúa a desigualdade entre os que a poden utilizar e os que, simplemente, non a coñecen, isto fai que nos sintamos discriminados e con dereito a reclamar un acceso solidario e equitativo á información e ós coñecementos.

Os centos de millóns que vivimos na ladeira da montaña do "progreso" ansiamos unha distribución equitativa e solidaria dos recursos, dos coñecementos e da información, e reclamámola por xustiza. Mentres, nas nosas costas, no pé da montaña, miles de millóns de persoas reclaman esa mesma igualdade, pero falan, se queremos escoitalos, do seu dereito a acceder á alimentación, a medicinas como a aspirina, a rexistrar o nome dos seus fillos, ou simplemente a vivir sin ser dezmadados por veciños mercenarios que defenden intereses de empresas e gobernos corruptos con armas de fogo ou documentos manipulados.

As súas reclamacións, tan xustas como as nosas, afectan a súa supervivencia diaria en lugares como Bolivia, Brasil, México ou o antigo Sáhara. A xogo co repartimento desigual dos recursos naturais da Terra, uns poucos centos de millóns deseñamos, consentimos e xustificamos a desigualdade, discriminación e esquecemento que lles impoñemos ós outros milleiros de millóns de veciños que se reparten polos cinco continentes. Para eles, os inimigos somos nós, e para os que nos dirixen, eles son un estorbo. Pero o progreso tamén os favorece xa que fai posible, só si queremos, que o seu berro chegue ó noso ordeador persoal a través desa rede global que permite que leamos as reclamacións dos labregos "semterra" do Brasil, dos indíxenas de México, dos saharauís refuxiados nos campamentos do sur de Alxeria e mesmo da primeira insurrección "sonada" dos indíxenas de Bolivia, hai apenas un mes.

Nos derradeiros anos, internet deu a coñecer os asasinatos colectivos cometidos por grupos paramilitares mexicanos sobre as poboacións indíxenas de Chiapas, que dende hai 500 anos non foron capaces de facerse escoitar máis alá das fronteiras de México e que nos últimos 15 anos, organizados no movemento zapatista, tapan a cara con un pasamontañas para simbolizar a invisibilidade a que estiveron sometidos mentras morrían –e aínda morren– de gripe e doutras enfermidades curables, en varios estados de México, fronte ó repentino interese de gobernos e de empresas multinacionais do sector farmacéutico para apropiarse dun territorio que alberga especies vexetais únicas no mundo, de gran potencial comercial, como a selva Lacandona, onde viven varias das cincuenta comunidades indíxenas de México.

Os "zapatistas" reúnen no seu colectivo os indíxenas de todas as etnias orixinarias de diferentes estados de México, até hoxe discriminados polos gobernos estatais pero organizados por unha administración local paralela a oficial dende antes da conquista. A discriminación persiste pero as súas reclamacións son coñecidas fóra de México dende que están representados por 23 "comandantes" e o seu portavoz, o "subcomandante" Marcos, que dan a coñecer a súa situación elaborando, lendo e publicando contos populares que recollen anécdotas da súa vida cotiá, como aquel que lembra que até hai ben pouco, calquera indíxena que camiñase polas rúas de San Cristóbal de las Casas (capital do estado de Chiapas) tiña que baixar a cabeza e abandonar a beirarrúa para deixar paso a calqueira outro veciño non indíxena co que se cruzase.



De arriba a abaixo, 1: A marcha indíxena percorreu miles de kilómetros de máis de once estados mexicanos e estivo formada por 5.000 delegados indíxenas e miles de persoas chegadas de Alemaña, Italia, Francia, España e Estados Unidos, para apoiar á organización e informar da marcha os medios internacionais. Ó seu paso foi recibida en cada pobo (como neste cso en Zinapécuaro) por centos de persoas que mostraban o seu apoio as demandas indíxenas, a súa crítica pola presenza de extranxeiros ou entregaban os autobuses en marcha bolsas de comida para os observadores, xa que o percorrido até a capital mexicana foi continuo sen paradas máis que para dormir ou para os actos preparados para os "comandantes" que tiñan a representación indíxena. *2:* Os pés do "comandante" Javier nun acto celebrado en Toluca cubertos por sandalias e tras él, os do "subcomandante" Marcos cubertos por botas militares. A maior parte dos actos que se celebraron durante a marcha para México servían para que os dirixentes locais entregaran os delegados indíxenas poderes para representalos en México, ante o Congreso do Goberno mexicano. *3:* Indíxenas de Chiapas, coa cara cuberta para simbolizar a súa invisibilidade para o resto do mundo durante 500 anos, despiden os participantes na marcha indíxena da cor da terra, cando saíron da capital chiapateña, San Cristóbal de las Casas, na mañanciña do 25 de febreiro de 2001. *4:* Indíxenas participantes no congreso nacional celebrado en Nurió.

Pouco despois da chegada de Fox á presidencia de México, os 5.000 representantes "zapatistas" (procedentes do extinto Exército Zapatista de Liberación Nacional) fixeron un chamamento mundial para lembrarles ós 90 millóns de mexicanos e ó Goberno central, que a súa discriminación continúa a pesar das promesas do anterior Goberno.

Os 5.000 delegados e miles de voluntarios do resto do planeta, entre eles Saramago, Poniatvoska e Vázquez Montalbán, percorreron na "marcha indíxena da cor da terra" as estradas de Chiapas e outros once estados mexicanos, até chegar ó "zócalo" (praza central) da capital, México D.F. berrando: "Nunca máis un México sen nós" ou "igualdade con paz e dignidade" ademais do vello lema de Emiliano Zapata: "Terra e liberdade".

Maias, purépechas, tzotziles, tojolabales, mixes, totonacos, mixtecos, zapotecos, chichimecas e yunes, entre outros, propuxeron a través do seu portavoz oficial, o subcomandante Marcos, a súa reivindicación ante o Congreso mexicano, e agora fai un mes, retomaron a súa estratexia ante os escasos logros do presidente Fox neste ámbito. No mesmo continente, os labregos de Brasil, o país dos grandes latifundios en mans duns poucos propietarios, hai 20 anos que reclaman o repartimento da terra entre as familias que precisan traballalas para sobrevivir. A desigualdade consolídase en Brasil a mas dos mercenarios pagados polos terratenentes e das autoridades locais que non os perseguen e condenan a pesar dos masacres anuais de labregos.

Os "semterra" de Brasil, e dalgún outro país latinoamericano, queren rematar coa discriminación que viven cada día, cando emigran ás grandes cidades nas que non hai lugar para eles e quedan relegados a habitar nas "favelas" (núcleos de poboación que medran nas ladeiras dos outeiros formados por casas de madeira e vertedoiros que ningún concello limpa). Os "semterra" organizados como movemento no MST, interveñen nas favelas das metrópoles como São Paulo ou Río, para concienciar os seus habitantes de que teñen os mesmos dereitos que o resto dos poboadores, e no rural, presionando nos límites dos latifundios con campamentos de madeira e plástico nos que viven durante meses ou anos até que o Goberno do momento cumpre o compromiso adquirido hai máis de 40 anos, de darlles as terras que os terratenentes non cultivan ás familias de labregos non propietarios.

Nesta reivindicación continua están implicados millóns de brasileiros de tódolos ámbitos, dende os políticos até os universitarios e intelectuais, mentres os labregos actúan e, moitos deles, deixan a vida no empeño cando un terratenente conta co desleixo dun político ou xuíz local para liquidar a presenza das familias labregas no valado da súa infinita terra. Hai apenas dous meses, os "semterra" de Brasil, cunha estratexia común á dos "zapatistas" de México, fixeron un chamamento para marchar até Brasília, a capital, co obxectivo de lembrarlle ó presidente Luiz Ignacio da Silva "Lula" que prometeu un "Brasil máis decente", na súa campaña electoral de hai tres anos.

No seu manifesto de xuño de 2005,, firmado por intelectuais do MST como João Pedro Stedile, sindicalistas e responsables políticos, os "semterra" plasmaron a súa situación e as reivindicacións para cambiala: a metade da riqueza do país está nas mans de cen mil persoas (só en São Paulo hai 17 millóns de habitantes) e isto só é posible grazas a un estado permanente de corrupción. No escrito de tres folios propoñen unha serie de medidas que en conxunto, contemplan o cese da fuga dos recursos naturais de Brasil para fóra do país, a mans de multinacionais, e recuperar o control público do Goberno sobre as políticas monetarias e os acordos comerciais impostos pola Organización Mundial do Comercio.

Se cambiamos de continente, por exemplo a África, temos outro exemplo de resistencia, tamén vital, nos 200.000 saharuís exiliados do seu país e que viven desde hai 30 anos en campamentos de refuxiados no sur de Alxeria. O que comezou hai 30 anos coa expulsión do antigo Sáhara, consolídase hoxe ca construción dun valado marroquí de miles de quilómetros que separa estes saharuís exiliados do que fora o seu país. Mentres, as políticas da ONU, de Marrocos e da Fronte Polisario (o Goberno saharuí no exilio) enfróntanse cada ano por causa dun referéndum continuamente aprazado, que debe decidir o futuro de 200.000 persoas que levan unha vida cotiá e provisional no deserto de Tinduf que non dá nada, nin auga nin comida, e que dependen exclusivamente da axuda que lles chega cada ano grazas ó activismo de colectivos non gobernamentais, sobre todo europeos. Fronte a estes millóns de persoas que reclaman a fin da desigualdade e conseguen resultados lentamente e a un alto prezo, estaba até hai uns meses, a dos bolivianos





Páxina catro, de arriba a

abaixo. 1: Muller 'aiorea' pide esmola na entrada da catedral de Santa Cruz de la Sierra. Forma parte dunha das etnias minoritarias máis discriminadas nas cidades bolivianas e o seu nome é rexeitado polo resto da poboación, que o asocia á crenza estendida de que os aioreos soterran vivos os seus maiores ou que lles cortan as pestanas. **2:** Unha vendedora de peixe recolle o seu posto no interior da prisión de Palmasola, a poucos quilómetros de Santa Cruz de la Sierra. Só o cartel impositivo por "orinar" parece indicar que estamos nunha prisión na que os presos mercan e venden as súas celas e na que as mulleres e fillos acompañan os esposos presos, mentres que no módulo de mulleres, estas cumpren pena acompañadas só polos seus fillos. **3:** Nena entre as mandarinas que vende a súa nai no parque El Arenal de Santa Cruz de la Sierra, próximo a unha lagoa con barcas, no centro urbano. **4:** Muller indíxena 'aiorea' que vive nun soar cedido polo concello de Santa Cruz de la Sierra hai 30 anos, dentro do barrio 'Primero de mayo', e no que contan cunha billa de auga potable para todos os asentados. A súa economía susténtase na confección e venda de bolsos de fibra vexetal que os homes recollen nos bosques e as mulleres tratan para tecelos.

Nesta páxina, arriba: dúas veciñas da Bola loitan contra as lapas dun incendio que este ano tivo en tensión os habitantes de cinco vilas pola proximidade do lume ás súas casas. **No centro:** unha veciña de Seixalbo, no municipio de Ourense, amosa o seu medo no incendio que obrigou a desalojar dúas familias porque o forte vento o levaba cara ás vivendas unifamiliares sen que os traballadores de extinción puideran evitalo, durante o verán do 2004. Este incendio estivo provocado polas chispas desprendidas dos freos dun tren. **Abaixo, esquerda:** unha veciña de San Cibrao das Viñas abandona o campo de trigo que acaba de segar coa fouce na man, insuficiente para facerlle fronte ao lume. **Abaixo, dereita:** un traballador forestal tenta coller ar apoiado no camiión motobomba durante o incendio dun piñeiral de Sobrado do Bispo, no municipio de Barbadás no verán do ano 2003.



que nas maiores cidades de Bolivia (Paz e Santa Cruz da Serra) vivían a mesma discriminación aínda que unha pobreza maior. En Santa Cruz da Serra conviven 1,3 millóns de persoas, entre eles indíxenas quechuas, aimaras e ayoreos, que se reparten entre o centro histórico e o extrarradio, no que as rúas son de terra e algúns nenos pasan o día botando terra con unha pa sobre as fochancas para obter unhas moedas dos condutores de camións e turismos agradecidos. É a cidade industrial e máis activa economicamente de Bolivia, pero a comunidade 'ayorea' vive nun predio cedido hai 30 anos polo concello no que contan cun só grifo de auga potable rodeado polas súas vivendas de cartón e paus, e os habitantes máis pobres, chegados do contorno rural próximo, ocupan os límites das estradas circulares que rodean a zona histórica, moitos pendentes do nivel de auga do río Pirai, que sae do seu leito varias veces no período dunha xeración, obrigando ó realoxo dos que viven máis cerca del.

O nivel de desigualdade, pobreza ou mala repartición da riqueza, como queiramos chamarlle, está resumido na situación de mulleres, nais de 4, 7 ou 8 nenos, con diferentes pais que van desaparecendo da vida familiar cando esta se complica, e que non obteñen nin o mínimo para vivir despois de pasar o día lavando a roupa dos seus veciños mais afortunados. Tamén é representativa a presenza masiva de congregacións relixiosas que poñen en marcha talleres de encadernación, comedores gratuítos, escolas técnicas nocturnas ou centros sanitarios gratuítos para os que non poden pagalos.

Tamén proliferan outros colectivos que buscan miserias alleas para asentarse, prometen atención sanitaria despois de detectar a enfermidade do paciente facéndose coller na man o radio dunha bicicleta, de xeito que por el se transmite até o presunto "doutor" o sinal que lle permite identificar a doenza, e non de forma gratuíta, senon a cambio de un anaco da xa escualida economía familiar do doente.

E mentres millóns de conxéneres berran xuntos para que a súa voz se escoite o máis lonxe posible e outros aínda non descubriron esta forza colectiva..... moito máis cerca, eiquí mesmo, entre nós, un número ínfimo de galegos consegue, utilizando un sinxelo misto, pór en xaque a milleiros de conxéneres e veciños.

Cando comeza un lume, ducias e até centos de persoas tentan deter o monstro de lapas e fume que cada día é liberado por unha ducia de galegos, na maior parte das ocasións de forma intencionada. Os incendios forestais e as súas consecuencias resumen, como ningunha outra situación, o inmenso dano que pode provocar unha soa persoa, e a loita desigual entre as lapas e fumo provocados por un só incendiario e o batallón de traballadores forestais e veciños que tentan afogalo, semellando sempre unha loita como a de David contra o xigante Goliath. En poucos casos pode verse tanto dano provocado por tan poucos, incluso, no caso dos lumes intencionados, dano que afecta os veciños do incendiario, que poden chegar a pasar noites de anguria e de garda para vixiar e impedir o avance das lapas cando éstas camiñan cara as vivendas, viñas, cables, subministros de auga potable, nun avance imprevisible e en maos do vento que case sempre se salda con intoxicacións leves de fumo, no mellor dos casos.


Ademais está o esgotamento das forzas dos traballadores forestais (aínda que son profesionais a soldo, sempre os vin como a personificación do ben fronte ó mal causado por outros), as crises nerviosas dos nenos que se pechan na sala para non escoitar os berros dos maiores "pásame auga! ¡Busca aquela manguera no baixo!, ieste cubo está roto!.... Achegar un misto a un mañuzo de herba sempre ten como consecuencia a morte de un anaco de nós, a morte de árbores que vimos medrar e que nos axudan a respirar, a fin irreversible do noso horizonte diario até a seguinte xeneración e un exilio para os animais que poboaban o monte queimado. Tampouco hai que esquecer os lumes iniciados por negligencias, moitas delas persoais, pero outras hai que anotalas no listado de desidias empresariais porque son claros incumprimentos da lei que os obriga a manter cortallumes limpos de maleza baixo os tendidos eléctricos e nas beiras da vía férrea.

Os "semterra" de Brasil, os indíxenas de México, os marxinados de Bolivia, os exiliados do Sáhara e mesmo os incendios forestais amosan que as causas máis solidarias, xustas e razoablemente "humanas" precisan, para defenderse, de moitas máis bocas e maos que as de senso contrario, que conquerer e manter dereitos básicos en calquera lugar e a vida nos nosos montes require máis "mao de obra" que o bando contrario. Incendios, matanzas e mesmo exilios masivos precisan poucas maos executoras, dende unha até centos, pero as consecuencias do que fan repercuten na vida de centos, milleiros e millóns de conxéneres.... A loita entre "o ben" e o "mal" non é unha invención do imperio cinematográfico, senón que se incrusta no "xeito de vida" de millóns de persoas.... mágoa que os superheroes si sexan unha invención porque son os únicos que o arranxan todo dun plumazo.

Rosa Veiga



Arriba: Meniños "sem terriñas" no límite entre unha xigantesca facenda, na que os "sem terra" instalan os espazos hixiénico-sanitarios (de plástico negros), e o campamento Margarida Alves na comarca brasileira do Pontal de Paraná Panema. Detrás dos meniños, á esquerda está o valado que limita a facenda e na que se creou o campamento que permanecerá alí, como medida de presión sobre o Goberno, con centos de familias, até que se cumpira o anuncio de repartición do terreo da facenda, non traballada, entre os asentados, feito polo Goberno. *No centro,* habitante de São Paulo na súa vivenda habitual, mostra de desigualdade existente na metrópole na que é precisa, cada fin de semana, a intervención de numerosos colectivos benéficos ou de asistencia social para repartir comida e bebida en puntos estratéxicos entre grandes colas de probes. *Abaixo,* emigrante de Baía, ao norte de Brasil, que foi até São Paulo con sete fillos na procura de traballo. Finalmente non o atopou e buscou residencia no campamento urbano Anita Garibaldi, instalado a carón do aeroporto de Guarullos por integrantes do MST (Movimento dos SemTerra) e do MTST (Movimento de Traballadores Sem Teito) no que desenvolven continuas campañas sanitarias e educativas para incentivar nos seus habitantes o espírito de loita por unha vida digna. Antonio volve, cando se pon o sol, á súa chavola cos materiais recompilados durante o día, que leva á casa axudado por dúas fillas pequenas.



Arriba: Na campaña electoral para a presidencia de Brasil de Luiz Ignacio da Silva 'Lula', en xullo de 2002, podíanse ver os seus compromisos como este dun Brasil máis decente, visible na macrocidade de São Paulo. **No centro á esquerda:** Neno "sem terriña" no campamento "Margarida Alves" do Pontal. **No centro, á dereita:** Asemblea de labregos do MST recentemente instalados nunha facenda que chaman "terra sen males" (terra sen enfermidades), que o Goberno repartiu hai só uns días dando parcelas en propiedade ás familias asentadas para que a cultiven. **Abaixo:** favela na macrocidade de São Paulo. Detrás grandes edificios construídos polo Goberno brasileiro para ocultar a visión da favela dende as principais vías de comunicación que rodean a metrópole.

